

CCR/Ra/Ms/Ca

MINUTA

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria, do día 31 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di:

11.8522.- **PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS (EXPTE. 2025069426)**

Dada conta dos últimos cambios de deputadas/os con motivo das renuncias efectuadas.

Resultando que en sesión de 4 de agosto de 2023 aprobouse Moción da Presidencia sobre nomeamento da representantes da Deputación en órganos colexiados, polo que agora procede modificala debido a substitución producida.

Considerando que corresponde ó Pleno a designación de representantes da Corporación en órganos colexiados de conformidade co disposto no art. 58.c) do RD 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda maioría, cos votos a favor do PP, e coas abstencións do PSOE e BNG, aprobar a seguinte proposición da Presidencia:

Designar representantes da Deputación Provincial de Pontevedra nos Organismos que seguidamente se relacionan aos Deputadas/os seguintes:

COMISIÓN AUTONÓMICA DE TRÁFICO E SEGURIDADE DA CIRCULACIÓN	Belén Cachafeiro Anta
COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA	Belén Cachafeiro Anta
COMITÉ CAMELIA DE GALICIA	Titular: Jesús Vázquez Almuíña Suplente: Javier Tourís Romero

COMITÉ PROVINCIAL DA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	Paula Bouzós Barros
CONSELLO PROVINCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS	Titular: Paula Bouzós Barros Suplente: María Ramallo Vázquez
CONSELLO REITOR AXENCIA TURISMO DE GALICIA	Titular: Jesús Vázquez Almuíña Suplente: Javier Tourís Romero
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	Paula Bouzós Barros
MESA SEGURIDADE DO CAMIÑO	Titular: Jesús Vázquez Almuíña Suplente: Javier Tourís Romero
XUNTA CONSULTIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	Belén Cachafeiro Anta
GDR-13 CONDADO-PARADANTA	María Ramallo Vázquez

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 4 de novembro de 2025.

O Secretario,

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e, todo iso, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Comisión Autonómica de Tráfico e Seguridade da Circulación.- Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.- Comité Camelia de Galicia.- Comité Provincial da Cruz Vermella Española.- Consello Provincial de Servizos Sociais.- Consello Reitor Axencia Turismo de Galicia.- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.- Mesa Seguridade do Camiño.- Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.- GDR-13 Condado-Paradanta.- Belén Cachafeiro Anta.- Jesús Vázquez Almuíña.- Javier Tourís Romero.- Paula Bouzós Barros.- María Ramallo Vázquez.- María Ramallo Vázquez.- Contratación.- Presidencia.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora Réxime Interno).- Vicepresidencia Pontevedra.- Vicepresidencia Vigo.- Secretaría.-